

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 2 de decembro de 2024, (DOG núm. 238 do 11 de decembro de 2024), que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro)

En sesión que tivo lugar o 29.01.2025, este Tribunal

ACORDOU:

Publicar como anexo a esta resolución a baremación definitiva da fase de concurso do proceso de provisión por mobilidade (PR461J), con indicación da puntuación acadada polas persoas aspirantes en cada epígrafe, segundo o disposto nas bases xerais reguladoras da convocatoria 8 e 9 e de conformidade co anexo V da convocatoria que recolle a táboa de méritos aplicable.

Segundo o punto 5.10 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

